# Tarxeta Milenio

É un documento identificativo que che permite de gozar de tarifas de transporte urbano bonificadas polo Concello de Ourense, así como do transbordo gratuíto entre liñas. Podes solicitar e/ou recargar a túa Tarxeta Milenio nas oficinas de ABANCA.

| Título | Descrición | Requisitos | Expedición |
|---|---|---|---|
| **Tarxeta Milenio Estudante** | Destinada a persoas novas matriculadas nalgunha actividade formativa.<br>A tarxeta emítese cunha vixencia ata o cumprimentos dos 19 anos. A partir desa idade renóvase anualmente ata o cumprimento dos 27 anos. | Ter entre **4 e 26 anos** (ambos incluídos)<br>Estar **matriculado nalgunha actividade formativa.** | Para a expedición da tarxeta será necesario presentar a seguinte documentación en calquera oficina de ABANCA:<br>• DNI orixinal<br>• Fotografía tamaño carné<br>• Fotocopia compulsada e orixinal dos documentos que acrediten a formalización da matricula de estudos.<br>*Menores de 18 anos: deben aportar tamén o libro de familia ou equivalente. |
| **Tarxeta Milenio Novos** | Destinada a persoas de entre 16 e 18 anos (ambos incluídos), empadroados no Concello de Ourense.<br>A tarxeta emítese cunha vixencia inicial ata os 19 anos. | Estar **empadroado** no Concello de Ourense cunha **antigüidade superior a 6 meses**. | Para a expedición da tarxeta será necesario presentar a seguinte documentación en calquera oficina de ABANCA:<br>• DNI orixinal<br>• Fotografía tamaño carné<br>• Certificado de Empadroamento no Concello de Ourense<br>*Menores de 18 anos: deben aportar tamén o libro de familia ou equivalente. |
| **Tarxeta Milenio Terceira Idade** | Destinada a persoas maiores de 65 anos. | Estar **empadroado** no Concello de Ourense cunha **antigüidade superior a 6 meses**.<br>Ter unha capacidade económica **inferior ao 150% do IMPREM.** | Para a expedición e renovación da tarxeta (que farase cada 5 anos) será necesario presentar a seguinte documentación el calquera oficina de ABANCA:<br>• DNI orixinal<br>• Fotografía tamaño carné (só na primeira expedición)<br>• Certificado de Empadroamento no Concello de Ourense<br>• Informe do Concello de Ourense de que reúne as condición que marca a Odenanza respecto a non superar o 150% do IPREM tras a consulta de datos na Axencia Tributaria para o cal terá que solicitar previamente no rexistro do Concello a tarxeta Milenio Pensionistas tras cubrir o formulario correspondente. |
| **Tarxeta Milenio Pensionista** | Destinada a persoas consideradas pensionistas pola lexislación vixente. | Estar **empadroado** no Concello de Ourense cunha **antigüidade superior a 6 meses**.<br>Ter unha capacidade económica **inferior ao 150% do IMPREM.** | Para a expedición e renovación da tarxeta (que farase cada 5 anos) será necesario presentar a seguinte documentación el calquera oficina de ABANCA:<br>• DNI orixinal<br>• Fotografía tamaño carné (só na primeira expedición)<br>• Certificado de Empadroamento no Concello de Ourense<br>• Informe do Concello de Ourense de que reúne as condición que marca a Odenanza respecto a non superar o 150% do IPREM tras a consulta de datos na Axencia Tributaria para o cal terá que solicitar previamente no rexistro do Concello a tarxeta Milenio Pensionistas tras cubrir o formulario correspondente. |
| **Tarxeta Milenio Persoas con Discapacidade** | Destinada a persoas con mobilidade reducida que presenten unha discapacidade a partir do 65% que dificulte gravemente a súa mobilidade.<br>O uso desta tarxeta de forma gratuita será extensiva ao acompañante da persoa que presente dita discapacidade. | Estar **empadroado** no Concello de Ourense cunha **antigüidade superior a 6 meses**. | Para a expedición e renovación da tarxeta (que farase cada 5 anos) será necesario presentar a seguinte documentación el calquera oficina de ABANCA:<br>• DNI orixinal<br>• Fotografía tamaño carné<br>• Certificado de Empadroamento no Concello de Ourense<br>• Certificado do grao de minusvalía recoñecida e dificultades da mobilidade emitida polo organismo competente<br>*Menores de 18 anos: deben aportar tamén o libro de familia ou equivalente. |
| **Tarxeta Milenio Desempregados** | Destinada a persoas demandantes de emprego. | Estar **empadroado** no Concello de Ourense cunha **antigüidade superior a 6 meses**.<br>Estar inscrito como **demandante de emprego.** | Para a expedición da tarxeta será necesario presentar a seguinte documentación en calquera oficina de ABANCA:<br>A renovación da tarxeta realizarase cada 6 meses e tamén será preciso presentar esta documentación.<br>• DNI orixinal<br>• Certificado de Empadroamento no Concello de Ourense<br>• Certificado de estar inscrito como demandante de emprego |